

MADAME HYDE

[Serge Bozon, 2017]

442

ESTREA EN NUMAX: 28.09.2018 | V.O.S.E. | +7

Madame Hyde (2017, 95')

Dirección: Serge Bozon

Guión: Serge Bozon (Novela: Robert Louis Stevenson)

Elenco: Isabelle Huppert, José García, Romain Duris, Pierre Léon, Guillaume Verdier, Patricia Barzyk, Jamel Barbouche, Roxane Arnal, Nassim Amaouche

Son: Renaud Guillaumin

Montaxe: François Quiquéré

Música: Benjamin Esdraffo

Dirección de arte: Bernard Bridon, Ingrid de Ribaucourt, Pierre Strub

Vestuario: Delphine Capossela

Fotografía: Céline Bozon

Produtoras: Les Films Pelléas, Ciné+, Frakas Productions, Cinéimage 11, StudioCanal - Canal+, Arte France, Haut et Court Distribution, Indéfilms 5, Soficinéma 13 (Francia, Bélxica)

Distribuidora: Capricci Cine

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2017 (Mellor actriz)

FILMOGRAFÍA

Tip Top, 2013

La France, 2007

Mods, 2002

SINOPSE

Unha tímida profesora de física nun instituto da periferia é desprezada polos seus alumnos e polos demais profesores. Durante unha noite de treboada, mentres leva a cabo un experimento no seu laboratorio, a muller é atravesada por un raio e esvaece. Cando esperta, séntese diferente, impregnada dunha nova enerxía, tan misteriosa como perigosa.

«Pura alquimia Bozon/Axelle Ropert, a súa guionista e cómplice habitual. Unha película de caligrafía chispeante»

Jordi Costa, EL PAÍS



Nota do director

Este é un filme sobre a escola ou, en concreto, sobre a dificultade inherente á transmisión de coñecemento. Para acadar o éxito como docente, Madame Géquil xogará con lume, pero só converténdose en Madame Hyde será quen, á fin, de transmitir algo aos seus estudantes. Porén, está outra muller non se vai limitar só á docencia. A súa recén descuberta autoridade é só unha das etapas dunha actividade un tanto fabril que foxe ao control de Madame Géquil.

En resumo, a transformación que lle permitiu finalmente realizarse como profesora resulta ser moi perigosa. Ningunha metamorfose é completamente inofensiva: quen pode delimitar até onde chegan realmente os cambios internos que nos conducen ao éxito? Obviamente non afirmo que o homicidio involuntario de adolescentes sexa o prezo a pagar para ter éxito na educación! O relato de Stevenson permíteme lidar coa situación actual das escolas, as súas dificultades e as súas esperanzas. É máis, permíteme abordar a pregunta mencionada anteriormente no marco dunha historia que, agardo, sexa divertida, desconcertante e dinámica.

Unha consideración importante sobre as escenas do instituto: moitas das escenas cómicas ou aparentemente tolas do guión, como os proxectos anuais supervisados ou o minuto de silencio solicitado polo director tras a morte dun estudante, son estritamente baseadas en feitos reais. Profesores que traballan nos suburbios contáronme estas anécdotas. De feito construíu o guión en estreita colaboración con profesores: eles contáronme moitas historias e eu mesmo asistín a algunhas

clases. Finalmente, tamén me servín da miña propia experiencia como profesor, tendo impartido durante tres anos nos institutos da periferia de París.

Publicado en <http://capriccicine.es>

“Non sempre controlamos o que nos cambia interiormente”

Entrevista con Serge Bozon

Que tipo de adaptación da novela de Robert Louis Stevenson realizaches no filme? É unha adaptación moi libre. O que fica igual é a idea da transformación dun personaxe obsesionado coa ciencia. Pero esta transformación non xera un filme de xénero fantástico. A transformación serve ao tema que é no xeral a escola e, no particular, a docencia da ciencia: como se converte un en profesor (de ciencia)? Se es un mal profesor é necesario sufrir unha transformación. E aí é onde entra en xogo Stevenson. O accidente no laboratorio será o catalizador para a metamorfose. Porén, nunca sabemos até onde chega esta transformación. Non sempre podemos controlar o que nos cambia interiormente.

Como construíches o personaxe de Madame Géquil con Isabelle Huppert? Foi máis o seu camiño que o do personaxe. Eu non falo cos actores durante horas, senón que as cousas suceden intuitivamente durante a rodaxe. Desde o principio, estaba entusiasmado coa idea de que interpretase un rol oposto aos seus

papeis habituais, é dicir, un personaxe modesto, temeroso e humillado que vai florecer progresivamente antes de colapsar en algo que vai alén do seu control.

Publicado en: <http://capriccicine.es>

Isabelle Huppert e Madame Hyde

Isabelle Huppert

Desde hai un tempo moitos dos filmes nos que actúo están recubertos dun manto de melancolía. Talvez sexa para engulir mellor a pílula da frialdade! Todos os personaxes son un pouco solitarios. En *Madame Hyde* unha parte dela está agochada e é profundamente solitaria. Pode que a soidade veña tamén de aí, de agochar algo que non compartimos.

A miúdo vexo as cousas como se estivese un pouco afastada delas. Pero cada director de cinema faime interpretar cousas concretas e de maneira moi diferente. En *Tip Top* (2013) e *Madame Hyde* hai unha sorte de mimetismo con Serge Bozon, algo difícil de explicar. Bozon é un personaxe moi peculiar, abonda escoitalo falar. E hai unha cousa química que se desencadea canda el, que se activa por capilaridade. A maneira en que fala, en que se move, contamina algo dentro do meu ser. En xeral, non medimos o que pode pasar entre un director e unha actriz: unha identificación, unha reprodución nun lugar moi concreto das nosas persoas.

Publicado en Sofilm 40, marzo 2018
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!